Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

a) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

b) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los

documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

"Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Para as pendentes de pago

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcurridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pedientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é maior que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de in-

formación está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2025.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2025 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspónden-se cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	873	75	151	27
Importe dos pagos	25.801.242,14	153.411,02	130.412,78	25.536,97
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	3		186	0
Importe	79.106,34		39.158,51	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	8,38 días	13,14 días	22,82 días	2,88 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	192	20	25	0
Importe dos pagos	6.296.870,89	280.003,59	26.642,97	,00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	32	0	3	0

Importe	1.371.446,43	,00	1.391,25	,00
PMPP (Período medio pendiente de pago do trimestre)	11,92 días	11,34 días	16,47 días	0,00 días

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendiente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	8,38	11,92	13,14	11,34	22,82	16,47	2,88	
Segundo								
Terceiro								
Cuarto								

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	25.880.348,48	7.668.317,32	153.411,02	280.003,59	169.571,29	28.034,22	25.536,97	,00
Nº pagos	876	224	75	20	169	28	27	0
Segundo								
Nº pagos								
Terceiro								
Nº pagos								
Cuarto								
Nº pagos								

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Análise por meses para o grupo

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2025.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2025													
Institución	Xa-neiro	Fe-breiro	Mar-zo	Abri-l	Mai-o	Xuñ-o	Xullo	Agos-to	Setem-bro	Outu-bro	Novem-bro	Decem-bro	Media/P.L
Ent. Local	7,74	6,55	7,52										8,54
MARCO	19,18	24,64	17,73										
XMU	8,98	6,96	3,93										5,99
V. C.BUR.	1,27	3,57	4,35										
PMP Glob	7,80	6,67	7,51										

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2025

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pa-	Pagado	Pte.pa-	Paga-	Pte.pa-
Xaneiro	7.436.594,51	3.158.235,90	29.693,21	14.200,68	27.967,00	24.391,84	2.991,38	0,00
Febreiro	11.328.468,32	5.272.670,47	68.873,90	67.788,18	68.853,61	38.014,84	1.549,79	0,00
Marzo	10.669.033,59	7.758.819,83	54.843,91	280.003,59	72.750,68	28.034,22	20.995,80	0,00
Abril								
Maio								
Xuño								
Xullo								
Agosto								
Setembro								
Outubro								
Novembro								
Decembro								
TOTAL	29.434.096,42		153.411,02		169.571,29		25.536,97	

Análise para o conxunto do trimestre para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
Concello de Vigo	8,54
Xerencia Municipal de Urbanismo	5,99

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 21 de abril 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2025. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

.- **Incidencia. Sendo as 09:50 h e en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

MOCIÓNS:

6.(60). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REPROBANDO A ACTUACIÓN DO PRESIDENTE DA RFEF, ESIXINDO A RESTITUCIÓN DE VIGO COMO SEDE DO MUNDIAL 2030 E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4917/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4917/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A cidade de Vigo foi unha das cidades que presentou a súa candidatura para ser unha das sedes do Mundial 2030. Dende o primeiro momento mostrou o seu interese e presentou un proxecto sólido, consistente e con todas as garantías, que foi seleccionado polo comité de selección da Federación Española de Fútbol.

A principios do mes de xullo de 2024 o ex Presidente da Deputación de Pontevedra, ex Presidente da Federación Galega de Fútbol e actual Presidente da Real Federación Española de Fútbol, Rafael Louzán, anuncia que a sede de Vigo está descartada para a cita mundialista nunha rolda de prensa no estadio de Riazor. Este anuncio faise antes de calquera tipo comunicación oficial, ao Concello de Vigo, por parte da Real Federación Española de Fútbol e da publicación dos supostos criterios que se aplicaron para a selección das 13 sedes presentadas.

Dúas semanas despois desas declaracións o Concello de Vigo recibe un correo electrónico de "candidatura 2030" da Federación Española, no que se comunica que a sede de Vigo non foi seleccionada para formar parte da candidatura ao Mundial 2030. Á vista desa comunicación e ante a total opacidade que se desprende das actuacións do comité directivo da candidatura en relación ao proceso de selección das sedes, o Concello de Vigo, o 20 de xullo de 2024, envía unha comunicación á Federación Española solicitando coñecer os criterios obxectivos e os baremos empregados para a selección das candidaturas e as actas nas que consten as puntuacións outorgadas a cada unha das 13 sedes aspirantes.

Ante esta situación o alcalde de Vigo diríxese ao Presidente da Xunta de Galicia para pedirlle que solicite á Federación Española de Fútbol a publicación das puntuacións das sedes que optaron ao mundial e defenda a candidatura de Vigo.

O día 25 de febreiro de 2025 o Alcalde de Vigo, recibe unha carta do Conselleiro de presidencia da Xunta de Galicia, Diego Calvo, na que fai diversas apreciacións negativas en relación ao proxecto de Vigo para ser sede do Mundial de fútbol 2030. Nesa carta afirma literalmente "sentimos que as posibles carencias que puidese ter a proposta olívica xunto coa ausencia de influencia do goberno local, non permitisen a Vigo pasar o corte." Unha frase gravísima é intolerable na que ven a afirmar que a Vigo non se lle adxudica a sede do Mundial por ausencia de influencia. Está afirmando que as sedes do mundial se adxudicaron polas influencias que os gobernos locais puideran ter.

Os días 24 e 25 de marzo de 2025 o xornal "El Mundo" publica unha información que apunta á manipulación das puntuacións das sedes candidatas a acoller o Mundial 2030, co seguinte titular: "La Federación Española de Fútbol manipuló las puntuaciones del Mundial 2030 para dejar fuera a Vigo y meter a Anoeta"

Esa información revela que no primeiro documento de valoracións do equipo responsable, Balaídos era unha das sedes seleccionadas e que 48 horas despois de pechar ese documento, a Federación o modificou quedando fora a sede de Vigo.

Ese primeiro listado firmado polo comité técnico avaliador decide que Vigo forme parte das sedes mundialistas e 48 horas despois ese listado é modificado despois de pasar polas mans de Rafael Louzán.

Un Rafael Louzán que, a día de hoxe, continúa sen dar explicacións e fixo unhas declaracións vergoñentas, atacando á cidade de Vigo e a súa candidatura.

Por outro lado, resultan sorprendentes as declaracións da concelleira e presidenta do Partido Popular de Vigo, nas que afirma que o proxecto de Vigo ten "carencias", poñéndose ao lado dos que queren que a candidatura de Vigo estea fora do mundial.

En todo este proceso, tamén nos atopamos co silencio cómplice do BNG, que tras coñecerse este escándalo estivo ausente e non se posicionou de xeito inmediato na defensa da candidatura de Vigo.

Todas estas informacións que coñecemos, sumadas ás sucesivas declaracións e comunicacións que se fixeron, confirman que estamos ante unha decisión intolerable e pon de manifesto a opacidade, denunciada polo Concello de Vigo, en todo o proceso de selección das sedes do Mundial 2030.

Por todo iso, o Grupo municipal Socialista no Concello de Vigo presenta os seguintes:

ACORDOS

- Reprobar a actuación de Rafael Louzán, esixirlle explicacións e a inmediata restitución de Vigo coma sede do Mundial 2030.
- Reprobar as declaracións e as actuacións de presidenta do Partido Popular de Vigo.
- Lamentar o silencio atronador do Presidente da Xunta de Galicia e do Presidente da Deputación de Pontevedra.
- Lamentar o silencio cómplice do BNG tras coñecerse o escándalo no procedemento de selección das sedes mundialistas.
- Demandar ao Presidente da Xunta de Galicia, o cese inmediato do Conselleiro de presidencia da Xunta de Galicia, Diego Calvo, tras afirmar que unha das causas da exclusión da candidatura de Vigo debeuse á falta de influencia do goberno local e tras as súas lamentables declaracións afirmando que Rafael Louzán xa dera explicacións sobre a exclusión de Vigo coma sede."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de abril de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4930/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con dezaoto votos (18) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia; e oito abstencións (8) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4917/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"reprobando a actuación do Presidente da RFEF, esixindo a restitución de Vigo como sede do Mundial 2030 e acordos complementarios"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:20 horas, auséntase da sesión plenaria o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Así mesmo e con permiso da Presidencia auséntanse da sesión as concelleiras do grupo municipal socialista Sra. Aguiar Castro, Sra. Espinosa Mangana e Sra. Cáride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

7.(61). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A INVERSIÓN NECESARIA PARA A REFORMA INTEGRAL DOS COLEXIOS PÚBLICOS VIGUESES E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4918/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4918/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Os centros educativos públicos vigueses son testemuñas do paso de moitas xeracións de estudantes.

Esto implica unha alta intensidade en canto a actividade interior se refire, así coma un alto deterioro das súas instalacións co paso do tempo.

Esa antigüidade das instalacións educativas fan totalmente necesaria e imprescindible unha reforma integral.

Unha reforma que considere tanto os aspectos estruturais como funcionais.

Unha reforma que garanta que os colexios públicos vigueses poidan seguir sendo lugares de aprendizaxe seguros, accesibles, funcionais e eficientes.

E para iso fai falta un verdadeiro compromiso.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a inversión necesaria e suficiente para a reforma integral, dos colexios públicos vigueses que así precisen.
- Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que esas reformas máis urxentes se realicen xa este verán, aproveitando o período de vacacións escolares.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4918/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*Instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a inversión necesaria para a reforma integral dos colexios públicos vigueses e acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**.- Incidencia. Sendo as 10:40 horas, con permiso da Presidencia incorpóranse á sesión plenaria as concelleiras do grupo municipal socialista Sra. Aguiar Castro, Sra. Espinosa Mangana e Sra. Cárde Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

8.(62). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DESBLOQUEAR AS ACTUACIÓNS QUE TEN PENDENTES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4919/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4919/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"En recentes declaracións da Delegada da Xunta en Vigo, trataba de responsabilizar ao Concello de manter bloqueadas actuacións da Xunta na cidade de Vigo.

Estas declaracións resultan indignantes dado que non se corresponden coa realidade. Á falta de investimentos da Xunta, durante os xa 16 anos de goberno do PP en Galicia, primeiro con Núñez Feijoo e agora con Alfonso Rueda, únense actualmente a absoluta paralización, por parte do goberno galego, de actuacións propostas por este Concello, comunicadas por escrito e documentadas sen que se avanzase absolutamente nada.

Fronte ás mentiras da Delegada da Xunta en Vigo, procede facer un relatorio documental de cal é a situación das actuacións que a Xunta debería levar a cabo na cidade e que non están a ser atendidas e que son as que se relacionan:

-Sobre os túneles:

Enviamos o proxecto básico de prolongación do túnel de Elduayen o 14 de novembro de 2.024. Sen resposta. Parado pola Xunta.

Túnel de Beiramar. Enviamos unha carta á Conselleira o 13 de febreiro pedindo información do proxecto. Sen resposta.

-Sobre a ETEA:

Na ETEA, paga Zona Franca, no IFEVI, para Zona Franca e no Porto de Vigo, para o goberno de España.

-Sobre a reforma das pistas de atletismo de Balaidos:

O Concello está a redactar o proxecto. Temos pendente a firma previa do convenio para o financiamento da obra ao 50% coa Xunta.

-Proxectos parados na cidade pola dilación da Xunta:

- Apontoamento do Paseo Alfonso XII-Poboadores. Enviado o 2 de Julio de 2.024.
- Accesibilidade peonil en Avenida Cesáreo Vázquez, entre Canido e Ricardo Mella. Enviado o 2 de agosto de 2.024.
- Parque infantil A Reconquista-Ou Berbés. Enviada a documentación o 8 de xullo de 2.024.
- Reforzo estrutural do muro de pedra do edificio curvo e mellora da pavimentación do Auditorio ao aire libre de Castrelos. Enviado 18 de marzo de 2.025.
- Mellora delas construcións e instalacións do Auditorio ao aire libre de Castrelos. Enviado o 18 de marzo de 2.025.
- Mellora paisaxística e ambiental do caso histórico de Bouzas. Enviado o 21 de marzo de 2.025.
- Reforma parcial dos locais da rúa Carral e Laxe e humanización da rúa. Enviado o 26 de marzo de 2.025.

Todo o anterior, demostra a falsidade das declaracións da Delegada da Xunta en Vigo e é polo que o Grupo municipal Socialista no Concello de Vigo presenta o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a desbloquear de inmediato todas as actuacións que ten pendentes na cidade de Vigo e que figuran na exposición de motivos desta moción."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de abril de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engadido cuxo texto consta no expediente electrónico número 4929/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4919/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando á Xunta de Galicia a desbloquear as actuacións que ten pendentes na cidade de Vigo*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(63). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN APOIO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA NOVA AUTOVÍA A-52 VIGO-PORRIÑO, EN TÚNEL. EXPTE. 4920/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4920/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Durante a pasada Semana Santa, a A-55 foi novamente un punto neurálxico de accidentes e de contratempos constantes poñendo en perigo a condutores, situación que vén producindo desde hai moitos anos.

En concreto, o venres santo, no punto quilométrico 10 en sentido Tui, un accidente obrigou a cortar a autovía e o tráfico foi desviado polo carril de servizo, provocando retencións moi importantes.

O sábado, á tarde, rexistrouse un derrube no inicio do descenso de Puxeiros, dirección Tui, que obrigou a pechar o carril dereito de circulación por acumulación de barro.

A maioría das incidencias prodúcense nas perigosas curvas de "Os Muiños" e causan retencións quilométricas.

Coa futura A-52 liquidaranse estes problemas e Vigo quedará conectada de forma directa, atravesando Puxeiros en túnel, na obra pública máis importante de estradas do Estado na actualidade.

Nestes momentos, o goberno de España está a estudar as alegacións ao proxecto da A-52, tramo Vigo-O Porriño en túnel, que solucionará definitivamente a alta sinistralidade da A-55.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Apoiar o proxecto de construción da nova autovía A-52 Vigo-Porriño, en túnel."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de abril de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4925/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4920/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"En apoio ao proxecto de construción da nova autovía A-52 Vigo-Porriño, en túnel"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(64). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A DECRETAR A GRATUIDADE DOS APARCAMENTOS DO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO. EXPTE. PLENO 4921/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4921/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Neste Pleno temos denunciado de forma reiterada que o Hospital Alvaro Cunqueiro constitúe unha auténtica privatización da Sanidade. Un modelo que constituíu un encarecemento do mesmo en 470 millóns de euros, segundo recoñecía o informe do Consello de Contas. A Comisión de Investigación, creada para o efecto no Parlamento de Galicia, deixou ás claras ese sobrecusto.

En datas recentes coñecemos as conclusións dun estudo publicado na revista *International Journal of Healthcare Management*, remitido antes do informe do Consello de Contas, que conclúe que o Cunqueiro construíuse co modelo máis caro. O estudo conclúe que "non era o mellor modelo e o que se fai é trasladarlle o custo ás xeracións futuras".

Un dos aspectos que afecta directamente aos usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro é o relativo ao aparcamento do mesmo, do que reclamamos aquí de forma reiterada a gratuidade do mesmo para traballadores e usuarios, que soportan os 365 días do ano as tarifas do mencionado aparcamento, o que se converte nun copagamento á Sanidade.

Foi o Concello, como sempre, a única Administración que puxo ao dispor dos usuarios un aparcamento gratuíto de 400 prazas. Ante a insuficiencia de espazo para poder ampliar este aparcamento gratuíto por parte do Concello, reclamamos a cesión dunha parcela do Complexo Hospitalario para ampliar as prazas gratuítas.

O goberno da Xunta negouse, de forma sistemática, a decretar a gratuidade e a cesión da parcela que permita incrementar o número de prazas gratuítas. Transcorrido xa un ano do novo goberno da Xunta e dado que non se dá cumprida resposta ás necesidades da cidade e da área Sanitaria, é polo que se propón ao Pleno da Excelentísima Corporación de Vigo que adopta os seguintes

ACORDOS

- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos do Hospital Alvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, da mesma forma que é gratuíto o aparcamento construído polo Concello.
- Instar ao goberno da Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou por adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario ao obxecto de construír un novo aparcamento para utilización gratuíta polos traballadores e usuarios do Hospital Alvaro Cunqueiro.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de abril de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4926/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de abril de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda cuxo texto consta no expediente electrónico número 4928/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font. poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polos voceiros do grupo municipal do Partido Popular e do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4921/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Instando ao goberno da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos do Hospital Alvaro Cunqueiro"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

11.(65). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA REMUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO DE VIGO. EXPTE. PLENO 4913/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4913/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"POLA REMUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de autobús urbano de Vigo é un pilar esencial para a mobilidade da veciñanza e un factor chave na definición do propio modelo de cidade. Porén, a xestión privatizada deste servizo, a cargo da empresa concesionaria Vitrasa (Grupo Avanza), está marcada por unha deterioración progresiva, caracterizada por incumprimentos reiterados do prego concesional, unha acusada e continuada merma na calidade do servizo e unha importante conflitividade laboral derivada da precarización das condicións do persoal.

Nos últimos anos, a veciñanza de Vigo ten sufrido unha redución significativa de frecuencias, con 250 viaxes diarias menos das existentes antes da pandemia da Covid-19 en 2020, a desaparición de liñas como o C2, N2, N3 ou a de Persoas con Mobilidade Reducida, e unha planificación deficiente que provoca longos períodos de espera e o acabalgamento de autobuses nas paradas xerando amplos períodos sen servizo. A isto súmase a modificación das frecuencias fixas por un sistema de frecuencias variábeis, que prioriza a rendibilidade da empresa sobre as necesidades da veciñanza.

Aliás, mantense un mapa de liñas que non conecta adecuadamente o conxunto da cidade, nomeadamente os barrios e parroquias, e que non garante un servizo de bus suficiente para o acceso a servizos e dotacións públicas de interese xeral como os diferentes centros hospitalarios, o campus universitario, os centros de formación profesional ou os polígonos industriais e parques empresariais. Tampouco permite unha intermodalidade efectiva, pola falla de coordinación e deficiente conexión con outras terminais de transporte: estación de buses, estacións de ferrocarril, transporte marítimo de ría e aeroporto. E continúa cunha cobertura absolutamente insuficiente de servizos en horario nocturno.

E todo, co prezo de billete (mesmo coas bonificacións en vigor) máis caro de todas as cidades galegas e sen se ter integrado no transporte metropolitano da área de Vigo.

A prórroga da concesión a Vitrasa até o ano 2025, aprobada polo Goberno municipal en 2020, consolidou un modelo de xestión privatizada baseado nun prego de 1994, obsoleto e incapaz de responder ás necesidades actuais da cidade. Esta decisión, xunto coa inacción, cando non aberta complicidade, do Goberno municipal fronte aos incumprimentos da concesionaria, fai evidente a necesidade urxente de priorizar o interese público na xestión dun servizo esencial cuxa prestación é obrigatoria polo Concello de Vigo.

Nese sentido, o Bloque Nacionalista Galego, recollendo a demanda do tecido asociativo e dos movementos sociais da cidade, defende que a remunicipalización do servizo de autobús urbano, a través da creación dunha empresa pública municipal de transportes como as que existen noutras cidades galegas e do conxunto do Estado (mesmo con menos poboación e con concellos con menor capacidade económica que Vigo), é a mellor opción para garantir un servizo de calidade, eficiente e accesíbel, que

atendas as necesidades da veciñanza da maior cidade da Galiza e permita unha mellor vertebración territorial apostando por unha mobilidade alternativa ao vehículo privado e avanzando, por tanto, nunha maior sustentabilidade ambiental.

A finalización da actual prórroga da concesión ofrece, por tanto, unha oportunidade histórica para reverter a privatización e precarización do autobús urbano e avanzar cara a un modelo de xestión pública dun servizo esencial e de titularidade municipal. No entanto, o Goberno municipal ten iniciado un procedemento de licitación pública co obxectivo de continuar co nefasto modelo de concesión privatizada, pero prevendo un incremento de case un 90% do custe de prestación.

E faino cunha xestión opaca, sen dar conta das conclusións do “Estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo”, contratado polo Concello precisamente para definir e modelar este servizo esencial, e sen contar coa participación dos diferentes actores e axentes sociais que fan parte do Consello Sectorial de Transportes que leva sen reunirse desde o ano 2019.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar ao Goberno municipal a:

Primeiro.- Desistir do procedemento de licitación pública anunciada para a concesión privatizada da “Prestación do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as do municipio de Vigo, así como a prestación do servizo de autobús turístico cultural” (Expte. 4537-449) e adoptar todas as medidas que foren precisas para constituír unha empresa pública municipal de transportes co obxectivo de asumir, a través desta, a xestión directa do mesmo.

Segundo.- Convocar con carácter urgente o Consello Sectorial de Transportes do Concello de Vigo para dar conta das conclusións do “Estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo”, contratado polo Concello de Vigo, como base para debater e definir de maneira participativa as condicións que deben rexer o futuro do servizo de autobús urbano da cidade, apostando na súa mellora tanto en frecuencias, actualización do mapa de liñas, optimización dos tempos de traxecto, abaratamento do billete e novas bonificacións e medidas que prioricen a accesibilidade, intermodalidade e sustentabilidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; cinco abstencións (5) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e dezasete votos en contra (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.04.25 (Rex. Nº 4913/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Pola remunicipalización do servizo de autobús urbano de Vigo*" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(66). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A RETIRADA DA MEDALLA DA CIDADE Á EX PRESIDENTA DE ADIF, D^a ISABEL PARDO DE VERA. EXPTE. PLENO 4922/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2025, número 4922/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A RETIRADA DA MEDALLA DA CIDADE Á EX PRESIDENTA DE ADIF, ISABEL PARDO DE VERA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe da Unidade Central Operativa (UCO) da Guardia Civil relacionado co denominado 'Caso Koldo' sitúa á que nese momento era presidenta de Adif, Isabel Pardo de Vera, como implicada no *enchufe* de Jéssica Rodríguez na empresa pública Ineco.

Segundo apunta, Isabel Pardo de Vera participou activa e persoalmente na contratación irregular da parella do ministro de Transportes e Infraestruturas José Luis Ábalos, como acreditan os e-mails intercambiados co seu asistente persoal. Conversas que contradín a súa declaración no Tribunal Supremo na que tentou desvincularse deste escándalo de corrupción política.

No contexto dese procedemento ilegal, Isabel Pardo de Vera mesmo chegou a recibir unha foto de Jéssica Rodríguez en roupa íntima para poder ser recoñecida de cara á falsa entrevista á que ía ser sometida a candidata.

Como resultado da mesma Jéssica Rodríguez foi contratada por Ineco, onde estivo en nómina entre o 1 de marzo de 2019 e o 28 de febreiro de 2021. Tempo no que cobrou un soldo sen nin tan sequera acudir ao seu posto de traballo nin facer absolutamente nada, tal e como ela mesma recoñeceu diante do xuíz.

O escándalo do enchufe da parella de Ábalos non é nin moito menos un caso illado, senón que forma parte dunha trama de corrupción política moito máis ampla e que salpica de cheo ao goberno de Pedro Sánchez.

Todo isto fai que sexa absolutamente incompatible que Isabel Pardo de Vera manteña a distinción de Medalla da Cidade de Vigo, entregada no ano 2022. Unha distinción que implica e obriga a quen a recibe de manter por sempre o bo nome de Vigo para ser seguir sendo digno merecedor da mesma.

Xa que logo, máis aló dos cuestionables logros en favor da nosa cidade cos que o goberno municipal de Abel Caballero aprobou en solitario a entrega deste recoñecemento a Isabel Pardo de Vera, o que está fora de toda dúbida e que o seu comportamento persoal e profesional non estivo á altura das circunstancias, nin dende o punto de vista legal nin dende o punto de vista moral. O que é aínda máis grave ao

tratarse dun cargo público sometido en todo momento o estrito cumprimento da legalidade.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

ACORDOS:

1º.- Instar ao goberno municipal a tramitar o expediente de retirada da Medalla da Cidade a ex presidenta de Adif, Isabel Pardo de Vera, pola súa conduta totalmente inapropiada e ilícita no desenvolvemento das súas responsabilidades públicas en base ao cal se lle foi concedida en 2022."

DELIBERACIÓN. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.04.2025 (Rex. Nº 4922/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "sobre a retirada da Medalla da Cidade á ex-presidenta de ADIF, Isabel Pardo de Vera", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓN.

13.(67). DACIÓN DE CONTA DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE TRÁMITE DE EMERXENCIA, DAS OBRAS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA DE EDIFICACIÓN EN SITUACIÓN DE RUINA INMINENTE NA ESTRADA PONTE SEGADÉ NÚM. 48. EXPTE. 17623/407 (EXPTE. PLENO 4923/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución de data 19.03.2025, referente á contratación, mediante trámite de emerxencia, das obras de execución subsidiaria de derruba na estrada Ponte Segade. 48.

«En data 07.03.2025, ante o requirimento dos Bombeiros e a situación de derruba e estado do inmovible existente en CR PONTE SEGADÉ NÚM. 48, con referencia catastral 4040144 NG2744S, xirase visita de inspección urxente á edificación, emitindo con data 10.03.2025 polos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), no expediente 5383/435, informe no que se fai constar:

"Con data 07/03/2025 recibíuse un requirimento dos Bombeiros para xirar visita de inspección urxente á edificación sita na Estrada Ponte Segade nº48, na que, polo efecto do temporal, desprendeuse o pincho de fábrica de tixolo do nivel de baixo cuberta caíndo sobre a rúa.

A cuberta da edificación caiu meses atrás sobre as vigas de madeira do teito do primeiro andar e o peso deste material está a exercer empuxes sobre as fachadas de tixolo do primeiro andar.

A auga da chuva está a asulagar o interior da edificación deteriorando a totalidade dos materiais e comprometendo a estabilidade do que queda en pé.

As fachadas dianteira e traseira presentan desplomes e fisuras e parte da fachada traseira xa caiu á parcela. O estado destas fachadas compromete a seguridade das persoas que circulan pola rúa xa que non se pode descartar un desprendemento de parte da mesma ou mesmo unha derruba incontrolada como foi a que aconteceu hai uns meses (cando se caiu a cuberta) e no día de hoxe (no que caiu o pincho de fachada no nivel de baixo cuberta).

O estado da edificación obriga a adoptar medidas con carácter de emerxencia co obxecto de impedir, na medida do posible, a caída da fachada principal á rúa. Para elo contáctase vía telefónica con varias empresas solicitando a execución urxente dun apuntalamiento provisional da fachada principal e a posterior derruba da edificación. Chámase á empresa RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA S.L. e non se ten resposta; deseguido contáctase coa empresa RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTES S.L. que informa que non ten medios para executar o apuntalamiento urxente da fachada. Finalmente, a empresa PROSEMA NOROESTE S.L. informa que pode executar o apuntalamiento urxente da fachada na mañán do sábado 08/03/2025 para o que se desplaza nesa mesma noite persoal desta empresa para comprobar o estado da edificación e estimar o material necesario para a execución dos traballos.

A Policía Local e os Bombeiros informan ós veciños que teñen acceso dende a rúa afectada da perigosidade e deixan sinalizada e vallada a rúa agardando que na mañá seguinte se poida proceder ó apuntalamiento da fachada principal.

Na reportaxe fotográfica que se achega móstrase o estado da edificación na noite do 07/03/2025 e na mañá do 08/03/2025...

Ó longo da mañá do sábado 08/03/2025 a empresa PROSEMA NOROESTE S.L. procede a executar un apuntalamiento de seguridade de tramos da fachada principal tal e como se mostra na seguinte reportaxe fotográfica...

O apuntalamiento ten por obxecto mellorar as condicións de seguridade das persoas que, para acceder ás súas vivendas, teñen que circular pola rúa.

Con todo non deixa de ser unha medida provisional e temporal de urxencia xa que o estado da edificación obriga a executar a súa derruba integral de xeito urxente.

A día de hoxe a empresa PROSEMA NOROESTE S.L., atendendo ás indicacións técnicas dos arquitectos municipais, está a xestionar os medios auxiliares necesarios para iniciar os traballos de derruba completa da edificación."

Consta no expediente 5383/435 Resolución da Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, de data 12.03.2025, na que se declara a ruína técnica, con carácter inminente, da edificación referenciada situada na Estrada Ponte Segade núm. 48, con referencia catastral 4040144 NG2744S, xunto co informe de inspección de data 17.03.2025, no que se indica a non realización das actuacións ordenadas pola propiedade.

Á vista dos informes e tramitación previa obrante nos expedientes 4800/435 e 5383/435, consta no expediente 5383/435 informe técnico asinado en data 18.03.2025 polo arquitecto técnico municipal da Oficina de ITE e Conservación no que se recolle que "debido á necesidade de executar dita derruba de xeito urxente, faise preceptiva unha actuación de emerxencia subsidiariamente por parte desta Administración."

Á vista do exposto en data 18.03.2025, pola Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda dítase a seguinte Resolución:

"PRIMEIRO.- Subscribir no presente procedemento, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

SEGUNDO.- Declarar de emerxencia a tramitación da contratación das obras de execución das medidas inmediatas de seguridade e derruba da edificación sita en Ponte Segade, núm. 48, declarada en ruína técnica inminente, por motivos de urxencia e seguridade das persoas e dos bens.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de acordo ó disposto no artigo 185 do R.D. Lexislativo 2/2004, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas por importe de sesenta mil cento noventa e un euros con setenta e dous céntimos (60.191,72€) IVE engadido, polas obras de execución das medidas inmediatas de seguridade e derruba da edificación sita en Ponte Segade, núm. 48, declarada en ruína técnica inminente, por emerxencia, con cargo á partida 1510.2279905.

CUARTO.- Adxudicar á entidade PROSEMA NOROESTE S.L con CIF B70382064, a realización das obras de execución das medidas inmediatas de seguridade e derruba da edificación sita en Ponte Segade, núm. 48, por emerxencia, que presentou un orzamento provisional por importe de 5.995,22 € máis 1.259,00€ en concepto de IVE polos traballos de sostemento e apuntalamiento de medianeira, medios de elevación, xestión de RCD's e seguridade e saúde, e un importe de 43.750,00€ máis 9.187,50 € en concepto de IVE polas actuacións consistentes en valado da zona, medios de elevación de persoas e materiais, derruba mecánica da edificación, xestión de RCD's e seguridade e saúde, a expensas dunha posterior liquidación definitiva en función dos traballos efectivamente realizados.

QUINTO.- Nomear como Directores de Obra aos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, desenvolvéndose os traballos baixo a súa supervisión.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Conservación e a Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo

SÉTIMO.- Dar conta desta resolución e das actuacións levadas a cabo ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

OITAVO.- Notificar a presente resolución ós interesados."

Así mesmo, consta no expediente 17623/407 Resolución do xerente da XMU de data 19.03.2025 na que se recolle:

"PRIMEIRO.- Aprobar o Documento de Xestión Preventiva achegado pola entidade adxudicataria da obra de execución subsidiaria de derruba de edificación sita en PONTE SEGADE NÚM. 48 (CR), informado favorablemente en data 19.03.2025, advertindo que, conforme ó establecido no RD 1627/1997, calquera modificación que se pretenda introducir pola empresa contratista no Documento de Xestión Preventiva en función do proceso de execución, da evolución dos traballos e das posibles incidencias ou modificacións que puideran xurdir ó longo da obra, precisará dun novo informe expreso do coordinador en materia de seguridade e saúde no traballo perante a execución, e haberá de someterse ó mesmo trámite de aprobación, información e traslado ós diversos axentes intervinientes.

O Documento de Xestión Preventiva na Obra, unha vez aprobado, deberá atoparse na obra en poder do contratista ou persoa co represente a disposición permanente dos que interveñan na execución da obra, dos representantes dos traballadores, do coordinador, da dirección facultativa, do persoal e servizos de prevención indicados, da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos técnicos nesta materia da comunidade autónoma.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Facultativa da obra e ao Servizo de Conservación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria"

Consta acta de recepción dos traballos de execución subsidiaria contratados mediante tramitación de emerxencia de data 01.04.2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Normativa de aplicación

- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada de data 6 de setembro de 2010 (BOP núm.193 do 6 de outubro de 2010)

2.- Tramitación de emerxencia

A tramitación de emerxencia está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigação de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

O artigo 120 da LCSP atribúe a competencia para a tramitación nestes procedementos de contratación ao órgano de contratación. No entanto, na lexislación básica do Estado sobre réxime local atopamos preceptos que regulan a actividade contractual das entidades locais, de aplica-

ción con carácter supletorio a LCSP e ó Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e sempre que non contradiga o establecido nestas normas básicas.

Debemos ter en conta que, nos mesmos supostos, do artigo 120 da LCSP, o artigo 117 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local faculta ó Presidente da Corporación a "ordenar a directa execución das obras" ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos", recollendo o no seu apartado primeiro a necesidade de dar coñecemento ao Pleno da Corporación das actuacións realizadas.

De conformidade coa Resolución de data 04.08.2023 ditada en aplicación das facultades que como Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo lle atribúe a normativa de aplicación, en especial, os artigos 124. 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril; 43 e seguintes. RD.2568/1986, de 28 de novembro e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (versión consolidada; Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193, do 06.10.2010), delegase a dita competencia na concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, dando conta da presente contratación ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación.

A competencia para a adopción do acordo de aprobación da documentación previa ao inicio da obra correspóndelle ao Consello da Xerencia de conformidade co artigo 10. 2. h) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (versión consolidada publicada no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 193 de data 6 de outubro de 2010), se ben, en sesión de 08.08.2023 e coa finalidade de axilizar os trámites previos ao inicio da execución do contrato, dito órgano acordou delegar no Xerente a aprobación do *"Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa"* (Boletín Oficial de Pontevedra de data 11.04.2024), dando conta ao propio Consello da Xerencia das actuacións realizadas.

3.- Dación de conta

Á vista do exposto nos antecedentes e normativa sinalada entendese que resulta procedente a elevación ao Consello da Xerencia e Pleno, da contratación realizada de conformidade co artigo 120.1 LCSP, dándose conta da resolución de contratación de emerxencia levada a cabo, ao efecto, pola Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

En base aos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, propónse ao Consello da Xerencia o seguinte ACORDO:

Tomar coñecemento e dar conta ao Pleno do Concello de Vigo da tramitación da contratación, por emerxencia, na execución subsidiaria das obras de derruba de edificación en situación de ruína inminente sita na Estrada Ponte Segade, núm. 48 e das actuacións realizadas.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO:

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución de data 19.03.2025, referente á contratación, mediante trámite de emerxencia, das obras de execución subsidiaria de derruba na estrada Ponte Segade. 48. O Pleno toma coñecemento da mesma.

14.(68). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 24/03/25 E O 21/04/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1829/1102 (EXPTE. PLENO 4908/1102)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 24/03/25 e o 21/04/25, incluídas no expediente 1829/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

15.(69). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 24/03/25 E O 21/04/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1830/1102 (EXPTE. PLENO 4909/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 24/03/25 e o 21/04/25, incluídas no expediente 1830/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16. FORMULACIÓN DE ROGOS.

16.1.(70). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno Municipal proceda a cubrir con carácter urxente todas as prazas vacantes de conserxería e oficiais de instalacións que ten sen cubrir na area de Deportes para garantir a debida prestación de servizo das instalacións deportivas municipais, evitando os feches intermitentes que se veñen padecendo no pavillón do Carme ou Samil»

16.2.(71). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Que o alcalde convoque o debate do estado da cidade o abeiro do artigo 69 do Regulamento Orgánico do pleno polo que esta sesión extraordinaria deberá levarse a cabo no primeiro semestre do ano de xeito que este goberno municipal renda conta da súa xestión»

17. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.1.(72). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «¿Vai rectificar o Goberno municipal a programación de grandes concerto de verán co obxectivo de incluír unha maior variedade de estilos e garantir unha presenza digna da música galega e en galego, incluíndo tamén grupos locais?»

17.2.(73). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Que fixo ou ten pensado facer este goberno municipal diante das denuncias do comité de persoal do concello que advirten de presións aos traballa-

dores públicos por parte da dirección de Vigonature, xerando un ambiente de traballo insoportable?»

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario abril 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 28 de Abril de 2025 09:09:05
Fecha Fin : Lunes, 28 de Abril de 2025 12:19:35
Duración : 03:10:30

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3556

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.5 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/cNNVTu6Ix2MlIf09Zrwd8S62jAsbQwZRJX-Moyp9wqUzXecqv.wmv>
SHA512 - a7dc4b9d08129b3550b59bac6beca7b61fe60f21b07676b029d31dfb42a86615bafb90ebef69bdab6abff8d2384b7b5933237c63750963d8de82ab25aedb9bed

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/J3tuZCeFiK1QjvSwH2nQB9avPY6ED78H-WnghYfTRzjSSpMPY.mp4>
SHA512 - 3b01576ef3a63a76e8b9c7a4f93c53b55ccd6bfff040b86877b95b96379c023ebe951abac69de228adbc431770ac6ddfecba7adc755054d1257410bbf59e0f6b5

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:31 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:55 : 1. Actas anteriores: Sesión Ordinaria do 31 de marzo de 2025. Declaracións institucionais.

00:01:05 : 2. Declaración Institucional con motivo do 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 4912/1101.
00:01:52 - Oradora invitada
00:04:50 - Caballero Álvarez, Abel

00:05:09 : 3. Dar conta da Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2026-2028. Expediente 95/142. (Expte. Pleno 4889/1101).

00:05:13 : 4. Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao primeiro trimestre do 2025, así como do de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expediente 306/143. (Expte. Pleno 4902/1101).

00:05:15 : 5. Dar conta do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2025. Expte. 29350/541. (Expte. Pleno 4903/1101).

00:05:43 - Aneiros Pereira, Jaime

00:15:14 - Caballero Álvarez, Abel

00:15:24 - Pérez Iglesias, Xabier

00:25:26 - Caballero Álvarez, Abel

00:25:33 - García González, Patricia

00:34:44 - Caballero Álvarez, Abel

00:34:54 - Aneiros Pereira, Jaime

00:38:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:38:23 - Aneiros Pereira, Jaime

00:39:56 - Caballero Álvarez, Abel

00:40:11 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero-

00:41:28 : 6. Moción do grupo municipal Socialista reprobando a actuación do Presidente da RFEF, esixindo a restitución de Vigo como sede do Mundial 2030 e acordos complementarios. Expte. 4917/1101.

00:41:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

00:46:58 - Caballero Álvarez, Abel

00:47:10 - Pérez Iglesias, Xabier

00:52:13 - Caballero Álvarez, Abel

00:52:16 - Sanchez Mendez, Luisa María

00:57:17 - Caballero Álvarez, Abel

00:57:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:00:23 - Caballero Álvarez, Abel

01:01:09 - Caride Estévez, María José

01:01:16 - Caballero Álvarez, Abel

01:07:53 - Votación [10:16:57]

01:08:28 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a inversión necesaria para a reforma integral dos colexios públicos vigueses e acordos complementarios. Expte. Pleno 4918/1101.

01:08:51 - Alonso Suarez, María Olga

01:13:52 - Silva Rego, Carmen

01:14:07 - Abalde Comesaña, Filipe

01:19:08 - Silva Rego, Carmen

01:19:19 - Benavides Alonso, Daniel

01:24:19 - Silva Rego, Carmen

01:24:32 - Rivas González, Angel

01:27:35 - Silva Rego, Carmen

01:27:43 - Votación [10:36:47]

01:28:06 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a desbloquear as actuacións que ten pendentes na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4919/1101.

01:28:21 - López Font, Carlos

01:33:29 - Silva Rego, Carmen

01:33:35 - Pérez Iglesias, Xabier

01:38:36 - Martín Peña, José Miguel
 01:43:39 - Silva Rego, Carmen
 01:43:46 - López Font, Carlos
 01:46:44 - Silva Rego, Carmen
 01:46:51 - Votación [10:55:55]

01:47:15 : 9. Moción do grupo municipal Socialista en apoio ao proxecto de
 construción da nova autovía A-52 Vigo-Porriño, en túnel. Expte.
 4920/1101.

01:47:30 - López Font, Carlos
 01:52:35 - Espinosa Mangana, Elena
 01:52:54 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:57:55 - Silva Rego, Carmen
 01:58:00 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:02:50 - Silva Rego, Carmen
 02:02:53 - López Font, Carlos
 02:05:59 - Silva Rego, Carmen
 02:06:06 - Votación [11:15:10]

02:06:36 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da
 Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcamentos
 do Hospital Alvaro Cunqueiro. Expte. Pleno 4921/1101.

02:06:47 - López Font, Carlos
 02:11:57 - Silva Rego, Carmen
 02:12:04 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:16:57 - Silva Rego, Carmen
 02:17:01 - Benavides Alonso, Daniel
 02:22:07 - Silva Rego, Carmen
 02:22:20 - López Font, Carlos
 02:25:19 - Silva Rego, Carmen
 02:25:26 - Votación [11:34:30]

02:26:11 : 11. Moción do grupo municipal do BNG pola remunicipalización do
 servizo de autobús urbano de Vigo. Expte. Pleno 4913/1101.

02:26:22 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:31:22 - Silva Rego, Carmen
 02:31:26 - Martín Peña, José Miguel
 02:36:27 - Silva Rego, Carmen
 02:36:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:41:41 - Silva Rego, Carmen
 02:41:55 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:43:19 - Silva Rego, Carmen
 02:43:22 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:43:41 - Silva Rego, Carmen
 02:43:52 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:45:00 - Silva Rego, Carmen
 02:45:27 - Votación [11:54:31]

02:45:51 : 12. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a retirada
 da Medalla da Cidade á ex presidenta de ADIF, D^a Isabel Pardo de
 Vera. Expte. Pleno 4922/1101.

02:46:04 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:51:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:56:15 - Silva Rego, Carmen
 02:56:18 - López Font, Carlos
 03:01:21 - Silva Rego, Carmen
 03:01:30 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:03:15 - Silva Rego, Carmen
 03:07:00 - Votación [12:12:30]
 03:07:09 - Silva Rego, Carmen

03:07:27 : 13. Dación de conta da contratación, mediante trámite de
 emerxencia, das obras de execución subsidiaria de derruba de
 edificación en situación de ruina inminente na estrada Ponte

Segade núm. 48. Expte. 17623/407 (Expte. Pleno.

- 03:07:49 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 24/03/25 e o 21/04/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Expte. Pleno 4908/1102)
- 03:08:11 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 24/03/25 e o 21/04/25, incluídas no expediente 1830/1102 (Expte. Pleno 4909/1101).
- 03:08:36 : 16. Formulación de rogos.
03:08:42 - Abalde Comesaña, Filipe
03:09:14 - Martín Peña, José Miguel
03:09:32 - Silva Rego, Carmen
- 03:09:34 : 17. Formulación de preguntas.
03:09:39 - Martínez Piñeiro, Ana
03:10:00 - Martín Peña, José Miguel
03:10:14 - Silva Rego, Carmen

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e vinte minutos (12:20) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 8/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
M^a del Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes